

Acta Reunión Comisión de Calidade do Centro (CCC)

Data: 27 de maio de 2014

Hora: 12:00

Sala de Xuntas X3.1

Asistentes:

Antonio Mosquera González

Francisco Omil Prieto

Purificación Cariñena Amigo

Tomás Fernández Pena

Héctor Rodríguez Martínez

José Varela Pet

Julia González Álvarez

David Losada Carril

Pablo García Tahoces

M. Carmen Palacios Oubiña

Puntos a tratar:

1. Aprobación da actas da últimas reunión.
2. Recomendacións para elaboración de Guías Docentes.
3. Publicacións de actas de comisións na web.
4. Turno aberto.

1. Aprobación da acta da últimas reunión.

Apróbase a acta da reunións de 12 de decembro de 2013.

2. Recomendacións para elaboración de Guías Docentes.

O Sr. Director propón unhas pequenas modificacións no documento de recomendacións xa existente de cursos anteriores. A reescritura proposta fai fincapé en que a referencia para a elaboración das guías docentes deben ser as Memorias das titulacións. Este de feito é un dos datos que se teñen en conta á hora das acreditacións e reacreditacións dos títulos. Outra modificación incide no punto de avaliación de competencias, tamén importante de cara a cumprir coas Memorias das titulacións. Este é un aspecto máis difícil de atender. A proposta que se inclúe no documento de Recomendacións é o último ítem do apartado (f):

“viii. É necesario evidenciar os mecanismos de consecución e avaliación da adquisición das competencias. Nos informes de seguimento da ACSUG proponse a elaboración dunha táboa das competencias fronte os métodos de avaliación empregados para avalialas.”

O obxectivo de traer este punto á comisión de Calidade é facer que o documento non represente unhas recomendacións da Dirección do Centro, senón que estea avalado pola comisión de Calidade. Será esta comisión quen encargue ás respectivas comisións de titulación a distribucións das recomendacións entre os docentes dos títulos, e a avaliación e aprobación das guías conforme a estes criterios.

O coordinador do Máster en Tecnoloxías da Información fai énfase na necesidade de lembrar aos docentes de materias que non ofertan nova matrícula (sen dereito a docencia) que deben especificar como afecta este feito ao proceso de avaliación. O Sr. Director indica que o punto 3 das Recomendacións é o suficientemente xeral para cubrir todas as titulacións, e que cada comisión en particular debe adoptar as medidas que considere oportunas para cada caso particular.

Sen máis intervencións apróbase por unanimidade este documento de Recomendacións para a Elaboración das Guías Docentes.

3. Publicacións de actas de comisións na web.

O Sr. Director indica que neste aspecto vamos retrasados respecto á planificación prevista. Deberíamos ter xa as actas accesibles vía web. Un dos comentarios habituais dos avaliadores de calidade é a falta de accesibilidade e transparencia respecto a determinada información. O que se trae a esta comisión non é a aprobación da publicación de información (isto xa o recolle o Regulamento de Réxime Interno do centro), senón o tipo de información a publicar.

A proposta que se trae a aprobación é a publicación de “resumos” das actas, que inclúan os acordos adoptados e eliminen aqueles puntos que afectan directamente a persoas (por exemplo, informes de docencia, nos que en lugar de listar os profesores coas súas avaliacións, se indique por exemplo o número de informes favorables/desfavorables emitidos). A outra medida que se propón de cara á protección de datos é a cita de persoas con iniciais en lugar de con nome completo, salvo que o implicado solicite expresamente que se inclúa o seu nome.

O profesor Pablo G. Tahoces indica que entón terían que facerse dúas actas. O Sr. Director resposta que máis ben tería que facerse unha completa, e outra recortando os datos sensibles. O profesor Héctor Rodríguez pregunta como se faría no caso de comisións de titulación nas que se tratan validacións para alumnos concretos, ou cando se fan reunións con alumnos para tratar problemas con determinados profesores ou materias. O Sr. Director contesta que nese caso habería que considerar se se citan con iniciais (como ocorre nos certificados de dirección de teses) ou simplemente se pon o xenérico “un alumno” ou “un grupo de alumnos”, “un profesor”, “unha materia”. Respecto ás validacións, a Xestora indica que habería en todo caso que incluír no resumo a táboa de equivalencias aprobada, pois é información relevante.

O coordinador do Máster en Tecnoloxías da Información pregunta polo procedemento a seguir: se haberá que enviar os dous documentos (acta + resumo) aos membros da respectiva comisión, e logo unha vez revisados envialos a publicar. A coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos pregunta se se publicarán as actas xeradas desde agora, ou tamén actas anteriores. O Sr. Director indica que necesariamente se publicarán desde agora todas as actas, pero solicita que pouco a pouco se vaian recuperando as de un ou dous anos atrás, creando os seus resumos correspondentes.

O coordinador do Máster en Computación de Altas Prestacións pregunta polo procedemento. Decídese que se proceda como coas actas ata agora: enviarase á secretaría administrativa o documento da acta e o do resumo, e esta encargárase de enviar o resumo para a publicación na web.

A coordinadora do Máster en Enxeñaría Química e Bioprocesos pregunta pola ubicación na web das actas. O Sr. Director informa de que actualmente estamos no proceso de

reestruturación da páxina web do centro, e en relación a este punto, vaise crear un apartado dentro da páxina asociada a cada comisión para a publicación dos resumos das actas, incluíndo nas cabeceiras unha listaxe dos principais puntos tratados en cada reunión. Nunha reunión posterior da comisión de Calidade analizarase cal sería a mellor estrutura para as páxinas web das titulacións, e en todo caso, nelas incluíranse ligazóns ás páxinas web das respectivas comisións de titulación.

Acórdase publicar desde agora todos os resumos de actas na web do centro.

4. Turno aberto

O Sr. Director solicita aos coordinadores de Grao que revisen os documentos en pdf dos dípticos das titulacións, posto que se vai facer un envío por correo electrónico dos mesmos aos institutos de secundaria.

Sen máis asuntos que tratar, péchase a sesión ás 12:20 h.